



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Nomeamento como auxiliar administrativa para de servizos sociais (persoal laboral temporal), subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña a través do Programa de Financiamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais da Deputación da Coruña.

**Núm. Admvo. Expte.:** 2020/E001/000001

**Expte. Decreto Núm.:** 2020/G003/000501

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 226/2020, de 08/05/2020, se aprobaron as bases da convocatoria para a selección de 1 auxiliar administrativo para Servizos Sociais, persoal laboral temporal, subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña a través do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no 2020 e publicadas no BOP núm. 69, de 15 de maio de 2020.

Vista que por Resolución de alcaldía núm. 249/2020, de 28/05/2020 se aproba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos á devandita convocatoria; e por Resolución de Alcaldía núm. 272/2020, de 05/06/2020 se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos a esta convocatoria.

Vista a 3ª acta de selección do tribunal reunido o día 09/07/2020 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este concurso, na que propón, conforme o disposto na base 8ª das Bases de Selección, á Alcaldía a resolución do expediente de selección e nomear a Leila Solange González Salum como auxiliar administrativa para servizos sociais no Concello de Laxe, así como designar aos candidatos que pasan a formar parte dunha bolsa de traballo pola orde de puntuación obtida; publicándose na páxina web e no taboleiro de anuncios municipal con data do 18/08/2020.

Visto que con data do 21/08/2020, a aspirante seleccionada achega a documentación establecida na base novena das bases de selección e unha comprobada a mesma,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**Primeiro.** Realizar o nomeamento a favor de Leila Solange González Salum, con DNI núm. \*\*\*399\*\*\* como auxiliar administrativa para servizos sociais (persoal laboral temporal, programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación da Coruña), Escala Administración Xeral, Subescala: Auxiliar, Grupo: C2.

**Segundo.** Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para a aprobación e disposición do gasto previos á formalización do contrato, e unha vez cumprimentados elevar a esta Alcaldía para autorizar a formalización do contrato.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución á aspirante que se procede a nomear, indicándolle que conforme a base 11ª das Bases de selección que mentres non se formalice o contrato e se produza a incorporación ao posto de traballo, non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

**Cuarto.** Publicar esta resolución na páxina web do concello ([concellodelaxe.com](http://concellodelaxe.com)) e no Taboleiro de Anuncios do concello.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,

A secretaria-interventora

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Asdo.: José Luis Pérez Añón

Asdo.: Begoña Carrasco García

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 03/09/2020 11:55:00)

Begoña Carrasco García

(FECHA: 02/09/2020 14:26:00)

Decreto N.º: 447/2020 - Fecha de decreto: 02/09/2020

Versión imprimible

CVD: KxXluQLeIwgrBwJ30bgr  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)